

ACTA DE REUNIÓN, celebrada o 13 de novembro de 2020 ás 12:00 h na Coruña

Asistentes á reunión:

- Guillermo Vergara, en representación da Fundación Paideia, na súa condición de Vicepresidente
- Raquel Lagares, responsable dos ESTUDIOS MANS
- Actuando como Secretaria Myriam Lozano, asesora xurídica da Fundación Paideia

De acordo co establecido nas Bases do CONCURSO DE BANDAS GALEGAS EMERXENTES SONIDOS MANS SALAS, deuse traslado ao Xurado profesional das maquetas dos participantes seleccionados para a súa valoración e selección dos cinco (5) finalistas á fin de participar na fase de audición final, mediante sistema de votación maioritaria. Actuaron como membros do xurado Noe Vázquez (A Arca da Noe), Miguel de la Cierva (Náutico de San Vicente) e Suso Santamaría (A Pousada da Galiza Imaxinaria), designando a este último como presidente do xurado, quen exercería voto preferente en caso de empate.

Trala finalización do prazo concedido ao Xurado para a súa votación, a Organización **ACORDA:**

PRIMEIRO: En caso de empate entre as puntuacións obtidas polos candidatos/as, o Presidente do xurado exercerá un voto preferente para dirimir o mesmo.


SEGUNDO: Realizada a votación por cada un dos membros do Xurado, e verificada a mesma, faise constar o seu resultado indicando os finalistas que participarán na fase de Audición final:

DEMO RUMUDO
LETICIA REY
LORA
AMBIGÜO
LUCAS BLANCO


SEGUNDO: Elaborar unha listaxe de reserva para o caso de que calquera dos grupos ou artistas finalistas desistise da posibilidade de concorrer á fase final do Concurso (de maneira voluntaria ou por imposibilidade) En calquera destes supostos, a vacante cubriríase co seguinte grupo ou artista finalista na orde seleccionada polo Xurado de maneira correlativa.

TERCEIRO: Proceder a recoller os resultados na presente acta, e a súa publicación na páxina web do Concurso e que nos próximos días a Organización se poña en contacto cos grupos ou artistas finalistas para organizar a celebración da audición final do concurso que terá lugar nos Estudios Mans da Coruña o día 27 de novembro de 2020.


E en proba de conformidade con canto antecede, todos os asistentes levantan a sesión e firman o acta no lugar e data indicados no encabezamento.



Guillermo Vergara
Fundación Paideia



Raquel Lagares
Estudios Mans



Myriam Lozano
Fundación Paideia